

UD 5. EMERXENCIA CLIMÁTICA

ACTIVIDADES

1. Que é o *efecto invernadoiro*? Por que está relacionado co *cambio climático*?
2. Cales son as consecuencias do cambio climático?
3. Por que dicimos que estamos nunha situación de *emerxencia climática*?
4. Cales son as dúas formas de loita contra o cambio climático?
5. Quen son os *refuxiados climáticos*?
6. Le o texto e contesta ás preguntas:
 - a. Identifica o autor, fonte e data.
 - b. Cal é a idea principal do texto? Segundo a túa escolla, propón un título distinto para o artigo.
 - c. Cales son os conceptos clave que se relacionan co cambio climático. Elabora un glosario con eles (concepto e definición).
 - d. Elabora un esquema que recolla as ideas que aparecen no documento.
 - e. Con que finalidade cres que o autor escribú este artigo?

A ONU revisa a saúde do planeta. Os impactos do cambio climático

Os danos á humanidade quedarán fóra de control se non se actúa.

O cambio climático supón unha ameaza crecente para a saúde, a economía e as fontes de subministración de auga e alimentos. Así o sinalan os científicos reunidos pola ONU, que reclaman plans de acción urxentes para conter as emisións de gases de efecto invernadoiro, causante do quecemento.

O último informe sinala que as consecuencias do cambio climático se están sentindo en todo o planeta e son un factor que pode facer reducir as colleitas, disparar os riscos de desastres naturais e aumentar as guerras. Os científicos prevén como principais impactos:

- **Desxeos dos glaciares.** Os glaciares continúan derreténdose en todo o mundo.
- **Menores colleitas.** As principais colleitas (trigo, arroz e millo) terán perdas do 25%. Un clima máis cálido implicará consecuencias sobre a seguridade alimentaria.
- **Máis enfermidades.** Aumentará a probabilidade de enfermidades e mortes por fenómenos como ondas de calor, incendios ou desnutrición, ao baixar a produción agrícola, ou pola incidencia das enfermidades transmitidas pola auga.
- **Maior pobreza.** Os riscos afectan á vida das persoas pobres polos impactos sobre o gando, a redución de colleitas ou a destrución de casas.
- **Máis éxodos.** Un agravamento dos sucesos climáticos extremos xerará desprazamentos da poboacións.
- **Escaseza de auga.** O empeoramento da calidade da auga porá en risco a subministración para beber, polo incremento de temperatura e o aumento de sedimentos, nutrientes e contaminantes.

- **Especies en perigo.** Todos os seres vivos afrontarán un risco maior de extinción, debido á modificación de hábitats, a sobreexplotación, a contaminación ou a invasión de especies.
- **Risco en zonas costeiras.** Debido á suba do nivel do mar, as zonas costeiras sufrirán inundacións, afundimentos e erosión mariña.
- **Pesca.** A redistribución de especies mariñas e a redución da biodiversidade en rexións sensibles converterán nun reto o aprovisionamento pesqueiro.

En conclusión, o informe detalla impactos en todo o planeta. Os científicos advirten que é o home o principal culpable do quecemento e subliñan que o impacto dos gases de efecto invernadoiro permanecerá durante séculos.

Antonio Cerrillo: “Los diez impactos del cambio climático”, *La Vanguardia*, 1 abril 2014. Adaptación.